



concello de neda

**BASES II CONCURSO DE EMPANADAS
FESTA DO PAN 2019**

Primeira. Obxectivo

Convócase co obxectivo de recuperar o tradicional concurso de empanadas que tiña lugar durante a celebración da Festa do Pan no recinto feiral de Albarón.

Segunda. Categorías

Profesional

Non Profesional

Terceira. Participantes

Na categoría PROFESIONAL poderán participar as e os panadeiros/as que teñan a súa panadería ou forno en Neda.

Na categoría NON PROFESIONAL poderán participar todas aquelas persoas maiores de idade que o desexen de Neda e de fóra de Neda,

Cuarta. Inscripción

Realizaráse na Casa da Cultura do 26 ao 30 de agosto de 2019.

Datos inscrición na Categoría PROFESIONAL: Nome e apelidos, enderezo, DNI e teléfono de contacto. Ademáis deben indicar a que establecemento representan.

Datos de inscrición na Categoría NON PROFESIONAL: Nome e apelidos, enderezo, DNI e teléfono de contacto.

Quinta. Data, lugar de celebración e procedemento de entrega de empanadas para concurso.

Domingo 1 de setembro de 2019, no Paseo Marítimo de Xubia durante a celebración da XXXI Festa do Pan.

As empanadas deberán entregarse entre as 11:00 e ás 12.00 h nunha haima habilitada para a recepción das mesmas, situado ao lado do escenario.

No momento da entrega, á persoa concursante recibirá un número de participación, o mesmo que se lle porá á empanada e que corresponderá ao número de orde de recepción. As empanadas non poderán levar ningún elemento identificativo que a relacione coa persoa ou forno participante.

O produto quedará en exposición, ata a cata do xurado que será ás 12.00 h. O veredicto do xurado darase a coñecer tras o pregón, así como a entrega de trofeos. Posteriormente todas as empanadas concursantes serán degustadas polo do público ata fin de existencias.

Sexta. Xurado

O xurado estará formado por:

Categoría PROFESIONAL:

Concelleira de Turismo

Concelleira de Cultura

Concelleira de Servizos Sociais

Concelleira de Educación

1 Concurante da categoría non profesional (a sorteo)

Categoría NON PROFESIONAL:

Concelleira de Turismo

Concelleira de Cultura

2 Representantes de Panaderías de Neda que colaboran na Festa do Pan.

Cada membro do xurado puntuará por separado cada una das empanadas presentadas, valorando o sabor e a presentación.

A puntuación establecerase sobre un total de 8 puntos, 6 polo sabor e 2 pola presentación.

O faio do xurado será inapelable.

Sétima. Premios

Categoría **PROFESIONAL**.

1º Premio 100 € + trofeo artesanal creado por Carlos García,

2º Premio 50 € + trofeo artesanal creado por Carlos García.

Categoría **NON PROFESIONAL**.

1º Premio 100 € + trofeo artesanal creado por Carlos García,

2º Premio 50 € + trofeo artesanal creado por Carlos García.

Unha vez que se coñeza o faio de xurado, éste fará entrega só dos trofeos tendo que pasar nos vindeiros días pola tesorería do concello para xestionar a recepción do premio económico que se realizará a través de transferencia bancaria.

Octava.

A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases.

Asemesmo autorízase á organización a realizar e publicar cántas fotografías considérense oportunas, así como os nomes das persoas gañadoras.

Neda, 12 de agosto de 2019

O ALCALDE DE NEDA

ÁNGEL ALVARIÑO SAAVEDRA